



O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


A rúa de San Pedro conforma unha das máis senlleiras vías de acceso á nosa cidade. Por ela transitan desde hai séculos a maior parte dos peregrinos que percorren o principal itinerario xacobeo: o camiño francés.

A rúa é, ademais, na actualidade a arteria central dun barrio de gran actividade e dinamismo, que foi obxecto de diversas melloras nos últimos anos, a última no tramo desde a igrexa de San Pedro ata a Porta do Camiño, na que se investiron preto de medio millón de euros e que foi posta en servizo no verán de 2014.


Debido á súa especial vinculación coa Cidade Histórica, esta rúa mantén tamén un singular grao de protección, conforme ás determinacións do Plan Especial que regula e determina o alcance e as características das actuacións a acometer, tanto nos espazos públicos como privados.

Conforme a esas pautas fóronse mellorando as condicións nas edificacións e nas rúas, incorporando modernos servizos e adiantos tecnolóxicos, sen desvirtuar os trazos urbanos que lle confiren o seu singular e histórico carácter. Así se fixo na mellora máis recente da rúa de San Pedro, e tamén nunha anterior levada a cabo hai máis dunha década para acondicionar o tramo entre a Praza de San Pedro e a Praza do Cruceiro, onde comeza a rúa dos Concheiros.


Pero de nada valen que as actuacións integrais de mellora urbana se realicen con estrito respecto ás determinacións da normativa de protección, se despois, cando se producen novas actuacións de carácter puntual, se esquecen ou obvian os requirimentos establecidos. Iso é o que acontece, ao noso entender nese tramo da rúa de San Pedro mellorado hai anos, en concreto á altura dos edificios cos números 69 e 71, ao reemprazar en época recente unha tapa para as conducións subterráneas realizada en fundición, por outra metálica, incumprindo o establecido no Plan Especial que sinala: “en relación cos rexistros, tapas e arquetas dos distintos servizos, realizaranse en pedra ou fundición, evitando, salvo xustificación, a utilización de tapas prefabricadas de formigón...” (art. 176.9).



TAPA DE REXISTRO EN SAN PEDRO - ANO 2012



A TAPA DE REXISTRO NA ACTUALIDADE



OUTRAS TAPAS DE REXISTRO EXISTENTES NA MESMA RUA